

# NORMATIVA CATEGORÍA “PROMESAS”

Tempada 2009 - 2010 - Circular 09-14

Establécense dúas fases, as xornadas locais e o “Festival Galego “PROMESAS”, conforme ás seguintes bases:

## XORNADAS LOCAIS

### 1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES

1.1.- Os clubs afiliados á FEGAN poderán organizar “tomadas de tempos” para os nadadores da categoría 2002 e posteriores.

1.2.- Os clubs interesados na celebración das devanditas xornadas deberán poñelo en coñecemento da Federación oportunamente.

1.3.- As datas serán as que figuran no calendario.

### 2.- PROGRAMA DE PROBAS

Xornada	Probas
1ª	1.- 25 libres masculino 2.- 25 libres feminino
2ª	3.- 25 costas masculino 4.- 25 costas feminino
3ª	5.- 25 braza masculino 6.- 25 braza feminino 7.- 50 libres masculino 8.- 50 libres feminino
4ª	9.- 25 bolboreta masculino 10.- 25 bolboreta feminino 11.- 50 costas masculino 12.- 50 costas feminino

### 3.- PARTICIPACIÓN

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: nacidos en 2002 e posteriores

Feminina: nacidas en 2002 e posteriores

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas sen ningún límite.

### 4.- INSCRICIÓNS

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a “acta de preinscrición” que o propio programa xera en formato .pdf (preferible) ou .doc.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder do organizador antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

### 5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- En ditas xornadas poderán actuar como xuíces-árbitros os propios técnicos dos equipos participantes, debendo acreditar a veracidade dos resultados.

5.3.- A puntuación realizarase na sede da FEGAN, a partir da clasificación xeral de cada xornada. Nesta clasificación non se terá en conta a conversión dos resultados realizados en piscina de 50 metros.

5.4.- Para os efectos de puntuación só se terá en conta como máximo catro nadadores por club en cada proba con independencia dos que participasen.

5.5.- A puntuación será: 27, 24, 22, 21, 20, 19, 18, 17, 16, 15, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.6.- No suposto de que un club teña clasificados máis de catro nadadores na mesma proba só puntuarán os catro primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, adxudicándose a súa puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.

#### 6.- CLASIFICACIÓNS E RESULTADOS

6.1.- Establecerase unha clasificación individual por cada categoría (masculina e feminina) unha vez se reúnan todos os resultados de cada sede e unha clasificación conxunta sumando as dúas anteriores.

6.2.- As clasificacións serán realizadas pola FEGAN, para o cal os clubs organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á FEGAN á maior brevidade posible, como máximo deberán encontrarse na federación o martes seguinte á celebración da competición.

6.3.- Os resultados remitiranse á FEGAN a través de correo electrónico ([resultados@fegan.org](mailto:resultados@fegan.org)).

## FESTIVAL GALEGO “PROMESAS”

#### 1.- ORGANIZACIÓN, DATA E SEDE

1.1.- No Festival Galego “PROMESAS” poderán participar os doce mellores clubs clasificados nas xornadas locais pola clasificación conxunta.

1.2.- O Festival celebrarase na data e sede establecida no calendario de natación para a presente tempada (circular 0911).

1.3.- A competición celebrarase nunha soa sesión que dará comezo ás 17.30 horas.

#### 2.- PROGRAMA DE PROBAS

1.- 50 LIBRES MASCULINO
2.- 50 LIBRES FEMININO
3.- 50 COSTAS MASCULINO
4.- 50 COSTAS FEMININO
5.- 50 BRAZA MASCULINO
6.- 50 BRAZA FEMININO
7.- 50 BOLBORETA MASCULINO
8.- 50 BOLBORETA FEMININO
9.- 10X25 LIBRES MIXTO

### 3.- PARTICIPACIÓN

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: nacidos en 2002 e posteriores

Feminina: nacidas en 2002 e posteriores

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubs con dereito a participación.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e na remuda.

3.4.- Cada club poderá inscribir un máximo de tres nadadores en cada proba e dous equipos de remudas. Os equipos de remudas estarán formados por 5 nenas e 5 nenos.

3.5.- Aceptaranse substitucións de nadadores 45 minutos antes do inicio da competición, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba.

3.6.- Os clubs con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. En caso de que algún non participase o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado.

### 4.- INSCRICIÓNS

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEGAN por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscrición" que o propio programa xera en formato .pdf (preferible) ou .doc.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á data de celebración que figura no calendario de natación para a presente tempada (circ 09-11), sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

### 5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e a remuda mellor clasificada de cada club. No suposto de que un mesmo club teña clasificadas as dúas remudas entre os 16 primeiros só puntuará a primeira. A clasificada despois non será puntuada, corréndose a súa puntuación á seguinte na clasificación.

5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.4.- A puntuación nas probas de relevos será: 30, 24, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

### 6.- CLASIFICACIÓNS

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais

b) Total feminina en probas individuais

c) Total conxunta, suma das categorías anteriores máis a remuda.

### 7.- TÍTULOS E PREMIOS

7.1.- Entregarase un trofeo ao club clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego do Festival.

7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 16 outubro 2009

Secretaría Xeral FEGAN